

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ 2.0

EMIGRANTE GALEGO,
POETA OBREIRO



Manolo,
visto por Siro

200
ANOS



Concello
de Paradela

ÍNDICE DE PANEIS

- 1 Quen é Manolo**
- 2 A emigración**
- 3 Galego en Catalunya**
- 4 Herdanza literaria**
- 5 A poesía, a canción...**
- 6 Manolo na súa voz**
- 7 Sobre Manolo**
- 8 Memoria de Manolo**
- 9 Paradela, capital da súa Galicia ideal**
- 10 Sempre en Paradela**
- 11 En Internet**
- 12 O Proxecto MRL**

Coa obra completa do escritor
a través de códigos QR e da web
www.manuelrodriguezlopez.org



Manolo e os seus pais, Manuel Rodríguez Rodríguez e Consolación López López.

UN NENO PARADELENSE

Nace en Randulfe (San Miguel de Paradela, Lugo) o 11/12/1934. O neno Manolo viviu alonxado dos seus pais dende os dous anos. Cando contaba nove meses de idade, a nai nati que emigrar a Barcelona. No ano 1936 o pai foi incorporado a filas por mor da Guerra Civil. Manolo viviría ata os seis anos na casa de San Pedro (Paradela), primeiramente ó coidado da súa avoa Concha e logo de Cándida de San Pedro. En outono de 1941 emigra a Barcelona cos pais.



Biografía de
Manuel Rodríguez López

MANOLO, NENO EMIGRANTE EN BARCELONA



Era un neno cando coa miña nai emigramos a Barcelona, onde o pai xa nos tiña preparado un novo fogar.



En 1946 ingresa no Seminario



Manolo en 1952

VIDA LABORAL

En 1952, tras seis anos no Seminario, Manolo decide non continuar a carreira sacerdotal por non sentirse con suficiente vocación. Desde 1953 traballa como ordenanza na empresa metalúrxica de electrodomésticos GUERIN, e desde 1957 na fábrica de motocicletas OSSA como Auxiliar Administrativo. Anos despois chegaría a ser Xefe de Persoal.



Cos seus pais e as súas irmás



PAI DE FAMILIA: UNHA NOVA VIDA CON IRENE

En 1956 coñece a Irene López Gómez (Santa Mariña de Adai, Páramo, Lugo).

Casarón o 22/6/1962 e tiveron dous fillos, Enrique (2/6/1963) e Santiago (2/6/1971).



REENCONTRO CON GALICIA

En 1985, con motivo do peche da empresa OSSA, quedando Manolo no paro, a familia Rodríguez López trasládase a vivir a Lugo. Apenas cinco anos máis tarde, o 13/2/1990, falece na Residencia Sanitaria de Lugo a causa dun derrame cerebral cando contaba 55 anos de idade.

A emigración



2

OS PRIMEIROS SEIS ANOS EN PARADELA

Manolo viuse separado dos seus pais a moi temprana idade. As necesidades económicas fan que, nove meses despois do seu nacemento, Consolación López, a súa mai, vaia traballar a Barcelona. Cando Manolo apenas tiña un ano e medio estalla a Guerra Civil. A súa mai non pode voltar a Paradela. Manuel, o pai, é chamado a filas. Manolo é levado pola súa avoa Concha á casa da súa sobriña Cándida, na aldea paradelense de San Pedro. A partir dese intre, pai, mai e fillo permanecerán separados durante anos. No outono de 1941 a mai puido por fin voltar a Paradela para facerse de novo cargo do pequeno. Mai e fillo partiron xuntos cara unha longa emigración en Barcelona.



CONSOLACIÓN de San Pedro: "Manolo naceu en Randulfe. Foi para San Pedro porque a mai foi a Barcelona para buscar traballo e logo ir buscar ó neno e ó marido. Entónces estallou a guerra en España e xa non pudo volver. Ó marido, Manuel, levárono para a guerra, por ser da quinta do 29".



A V E L I N O d e Randulfe: "Manuel, o pai de Manolo, era da quinta do 29. A miña irmá (mai de Manolo) foi a Barcelona. Il quedou co pequeno e coa miña mai. Cando a guerra, esta casa (casa de Baixo de Randulfe) foi pechada, así que marchou Manuel".



CÁNDIDA de San Pedro: "A mai de Manolo deixouno en Randulfe cando o neno tiña nove meses. E despois e m p e z o u o Movimento e ela estaba en Barcelona. El estaba coa abuelita, que era miña tía (Concha de San Pedro), que foi casar a Randulfe".



Contexto persoal
e histórico

TODA UNHA VIDA EMIGRADO



Manolo viviu lonxe de Galicia 44 anos

ACEDUMES DA EMIGRACIÓN

Manolo deixou constancia falada das dificultades vividas polos emigrantes galegos de posguerra.



◀AUDIO
Xulio Xiz entrevista a Manolo sobre a emigración

VÍDEO▶
Dificultades dos galegos emigrados



SENTIMENTOS FEITOS POESÍA

As circunstancias vitais impactaron fortemente no seu ser e contribuíron a modelar a súa sensibilidade como escritor. Manolo emprega poesía e prosa como canles transmisoras do seu sentimento persoal e íntimo ferido pola emigración, un sentimento que tamén vería reflectido noutros emigrantes. O longo da obra que nos deixou como legado, o escritor paradelense emprega todo o seu alento literario para referirse directa e indirectamente a feitos, recordos e sentimentos vividos por el na súa infancia en Paradela e na súa longa emigración en Barcelona.

A EMIGRANTE

1º Premio de poesía do III Certame Literario de Vilalba (1977)

I	II	III
Onte chegaches pra pedir traballo á gran cidade; que deixaches, dona, os cativíños e o marido lonxe nunha casoupa.	Da noite roubas horas de descanso e fas roupíña prós meniños teus; comes codelos pra afollar os cartos do longo mes.	Non canto á dona que no pazo folga. Non louvo, NON, a enseñoreada lurpiña en burguesa que esqueceu a lingua e a caste súa.
No asfalto e no rebumbio mergullada, ninguén enxoita as bágoas que che escoan, ninguén cavila na tristura infinita que te aferrolla.	Non es ti soial! Se somentes ti o fel beberas da inxusticia moura, que abura un pobo, que atanaza a raza, que nos esfola...	O meu poema, mesturado en sangue, aládua a probe e a emigrante cánsa do vieiro longo, do camiño choído, desfeita en bágoas.
A túa alma esnaquizada zuga o fel acedo do emigrante sino, e a todas horas, soia en terra allea, soñás cos fillos.	Donas e mozas a milleiros fuxen a terra estraña, percurando o pan; que as leis non valen pra sandar as chagaz do probe lar.	Eu canto á dona que en lonxanos eidos soña os seus nenos!
Il non ten saude; que a perdeu moi novo tronzando toros, removendo pedras, rozando toxos e cavando a bouza na probe aldea.	Fica ermo o pobo. Soio quedan vellos, homes eiados, silvas, corgas, nenos... Galicia é fonte que somentes deita prantos tristeiros.	Eu canto á moza que en cidade allea soña coa aldea!
Somentes quedan os teus brazos rexos pra erguer a casa asulagada en tebras; coitados nenos, de farrapos cheos... como langrean!		Eu canto á avoa que acaneá a filla da súa filla!

Manuel Rodríguez López, SOLDADA MÍNIMA
(Edicións do Castro, 1979)

Galego en Catalunya



3

Manolo non perdeu nunca o contacto coa fala galega. O galego sempre foi o idioma habitual no fogar, tanto cos seus pais como coa súa dona Irene.

Sendo estudiante no Seminario, descobre o seu interese pola lingua galega e comeza a pescudar nas obras de literatos galegos. Co paso do tempo, creceu como poeta e como galego comprometido.




AUDIO - Manolo fala do seu interese pola literatura galega



VIDEO - Mais galego en Catalunya

A emigración non afastou a Manolo das súas raíces. Polo contrario, o seu amor a Galicia acrecentouse, tal vez influenciado polo sentimento dos cataláns cara Catalunya.

CRONISTA DOS GALEGOS EN CATALUNYA



Manolo foi unha ponte de unión entre os galegos de Catalunya e os galegos de Galicia. Desempeñou diversos cargos entre os que se inclúen os de Cronista Oficial do Centro Galego de Barcelona, membro do Comité da Peña do Penedo e Secretario do Centro Galego de Barcelona. Como corresponsal dos xornais *El Ideal Gallego* e *Faro de Vigo*, e como colaborador de *El Progreso de Lugo* e outros xornais, escribiu centos de artigos xornalísticos, moitos deles publicados en libros, sobre os actos celebrados polos Galegos en Catalunya.





AUDIO - Sobre os actos dos galegos en Catalunya



VIDEO - Xosé Luís Blanco Campaña entrevista a Manolo no programa Ruada (TVG)



Benquerida conxunción:
Participaron nela que, o vindeiro día 23 de Marzo, ás 7 de serán, teremos a
vista do PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, Excelso Sr. D. XERARDO
FERNANDEZ ALBOR, acompañado do PRESIDENTE DA XENERALIDADE
Muy Honorable D. JORDI PUJOL, no Centro Galego.
No mesmo acto, farase a presentación do libro editado polo Centro, "GALEGOS
EN CATALUNYA", de Manuel Oreste Rodríguez polo noso conxunto D. Lois Suárez.
Agradecemos a nosa asistencia aos actos.



Os presidentes da Xunta e da Generalitat asistiron a presentacións dos seus libros sobre os Galegos en Catalunya. Nunha delas, Xerardo Fernández Albor dixo: "Gracias por honrar a este home que fixo este libro, que como di Suárez Delgado, é un libro importante. Tódolos libros son dun gran valor cando teñen o corazón e o estilo do teu. *Galegos en Catalunya 1978-1982* será tamén, algún día, un libro importante para a nosa historia, para a nosa historia dos galegos en Catalunya".

Puente entre Galicia y Cataluña

Hace pocos meses apareció la traducción gallega íntegra del gran poema *L'Atlàntida* de Jacint Verdaguer, que supuso un enorme impulso para el renacimiento de las letras catalanas en el siglo XIX. Manuel Rodríguez López es el autor de esta traducción, que la realizó como un doble homenaje a las culturas de su país natal y del país donde residió la mayor parte de su vida. De hecho, gran parte de la labor cultural de Rodríguez López

pez consistió en tender puentes entre estos dos culturas que conocía profundamente.

Cronista oficial del Centro Galego de Barcelona, dedicó muchos esfuerzos a difundir la cultura gallega en Cataluña y la cultura catalana en Galicia. Dos de sus libros, *Galegos en Catalunya, 1978-1982*, aparecido en 1983, y *Galegos en Catalunya 2*, de 1985, están dedicados a la cuestión de la emigración gallega hacia aquella comunidad.

La Voz de Galicia



O poeta de Paradela presentando un dos seus libros sobre os Galegos en Catalunya no Palau da Generalitat

Herdanza literaria



4



No seu fogar en Barcelona con exemplares dos seus libros publicados



Obra completa



Colaboracións en libros



Artigos xornalísticos




Curriculum

POESÍA



PROSA






TRADUCTIONES



TEATRO



LIBROS PUBLICADOS EXCLUSIVAMENTE NA BIBLIOTECA VIRTUAL DE GALICIADIGITAL



A poesía, a canción...



5

AUTODIDACTA

Manolo foi un poeta autodidacta. Soubo sacar partido da súa sólida formación humanística e cultural adquirida no Seminario para formarse e crecer como poeta. Leu avidamente ós poetas da literatura galega para modelar e modular o propio verso, primeiro a partir de libros en galego en bibliotecas de Barcelona, logo mercando os libros da editorial Galaxia. Xa dende moi novo mantivo correspondencia epistolar con destacadas figuras da literatura galega da época. Ó longo da súa vida, tivo un intenso contacto cos poetas da súa e doutras xeracións.

MEMBRO DA XERACIÓN DOS 50

Segundo Salvador García Bodaño, Manolo está enmarcado na Historia da Literatura Galega dentro da Promoción do Abrente, na que figurán tamén Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Xosé Fernández Ferreiro, Abuín de Tembra, Manuel Álvarez Torneiro e Antón Avilés de Taramancos.



POETA POLIFACÉTICO

O poeta de Paradela foi definido por diversos autores como:


Poeta obreiro (Basilio Losada Castro)

Poeta moderno do suburbio e da fábrica (Méndez Fernín)

Poeta da nostalxia campesiña, poeta patriótico e civil, poeta de puro corazón (Dario Xohán Cabana)

Poeta compañoiro, poeta para lembrar, para levarmos connosco (Xesús Alonso Montero)

Poeta valente, poeta amigo (Xavier Rodríguez Barrio)



POEMAS MUSICADOS

Varios dos poemas publicados por Manolo foron fonte de inspiración para diversos cantautores. Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González Vilela e Mary Carmen Otero Rolle musicaron as súas poesías, graváronas en LPs e Cds, cantáronas tanto en numerosos recitais e concertos en Galicia como en localidades do resto de España e do estranxeiro, e tamén en radio, en televisión e en Internet.



Alfredo González Vilela



Suso Vaamonde



Xerardo Moscoso



Mary C. Otero Rolle



Manolo na súa voz



6

MANOLO EN IMAXES

Entre as gravacions que temos de Manolo destacan dous programas emitidos na Televisión de Galicia: un capítulo do programa "Poesía na Noite" adicado a el e unha entrevista feita no Programa Ruada. Outras gravacions inclúen a presentación do seu libro "Galegos en Catalunya-2", en Mollet (Barcelona, 1986) e unha entrevista feita por Xulio Xiz para a Radio Galega.



Ademais do capítulo de Poesía na Noite presentado por Xulio Xiz e emitido na Televisión de Galicia, contamos con gravacions doutras catro poesías recitada polo poeta de Paradela.



A VOZ DE MANOLO

Manolo desenvolveu unha ampla actividade radiofónica, na que destaca o seu labor como director da sección "Galegos en Catalunya" no programa "A nosa Galicia" de Radio Miramar (1-1-81/30-6-81), como cronista do programa galego semanal de Radio L'Hospitalet, ou como colaborador en espazos radiofónicos de Radio Besós, Radio Nacional de España en A Coruña (programa "Nós") e Radio Popular de Lugo.



Entrevistado
na radio

Existen diversas entrevistas radiofónicas feitas a Manolo con motivo da publicación dos seus libros, por ter sido galardoado con premios literarios, ou en reportaxes radiofónicas sobre a súa traxectoria literaria.



Cronista
radiofónico



Entrevistador
na radio

Conservamos de Manolo diversas intervencións radiofónicas entrevistando a persoeiros da sociedade e da cultura, temas polos que sempre amosou grande interese. As súas conversas con Torrente Ballester, Isaac Díaz Pardo, Ramón Martínez López, Valentín Paz Andrade, Ramón Piñeiro ou Fernández Albor, entre outros, son verdadeiros anacos de historia.

Memoria de Manolo



8

MANOLO VIVE NA LEMBRANZA DOS QUE O COÑECERON

Son moitos os que levan honrado a lembranza do noso escritor con numerosos actos públicos de recoñecemento, especialmente os promovidos polo Concello de Paradela e polo Proxecto Manuel Rodríguez López.



Nomeado "Lusineo del año 1989" a título póstumo

Homenaxe da agrupación O Penedo Fogar Galego de Barcelona.

HOMENAXE DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA, 1998



PRESENTACIONES DE LIBROS



"Vida e obra de Manuel Rodríguez López", escrita por Manuel Blanco Castro, presentouse no colexio de Paradela e na agrupación galega Saudade de Barcelona en 2001.



Dario Xoán Cabana, Santiago Rodríguez, Antón Bao, Irene López, Xosé Manuel Mato e Xulio Xiz, na presentación da "Poesía Completa" no Paraninfo da Deputación de Lugo



OUTRAS HOMENAXES



En novembro de 2014 o Centro Galego de Barcelona, presidido por Manoel Carrete, nomea a Manuel Rodríguez López Socio de Honra.

Ofrenda floral a Manolo no Panteón de Paradelenses Ilustres en conmemoración do 25 cabodano do seu falecemento.

MANOLO REVIVE NAS NOVAS XERACIÓNIS

Grazas ás iniciativas que dan a coñecer o legado de Manuel Rodríguez López, a semente da súa mensaxe vital está a xermolar en persoas que non o coñeceron directamente. Entre as novas xeracións nas que revive o noso poeta atopánsen os concursantes do Certame Literario que leva o seu nome e os nenos do colexio de Paradela.



M.R.L.

Migratorias andúlloras pintan o celeste ceo Condal.
Con Alas de morrón mentres o vento brama rompendo
o leito. Negareme a esquecete, negareme a olvidar
que lonexe a Utopía moura camíña ferido.

Emigrante de corpo viaxeiro e pensamento
inmortal que do Lar nunca fuxirás.

Randulfe veulle caminar cara
un mundo novo de Orlando ferido pola mornaza,
soñachas mentres a Dama das flores lembranza
sur o centro buscando o Reencontro coa aldea.

Integras nebas non
che impidiron mirar cara os Gardeiros gallegos que
forzan o ferro cos suor e cos Utráns de ladrón.

Estrasequies estoupan
no teu maxín ao tempo que tu Zampicía a nenez.

Lenes alzáxes de
Óculos de
Paradela

son testemuñas de berros Estoupando

entre silurros que bailan por sempre escritos na pizarra con x2

Alba Sánchez Ares. Premiada no XIX Certame de Paradela. Autora da poesía
M.R.L., publicada no libro Manuel Rodríguez López 25 anos despois (2018).

Paradela, capital da súa Galicia ideal



9

UNHA HISTORIA DE AMOR

Manolo foi un namorado de Paradela, a capital espiritual da súa Galicia ideal, a Terra dos seus antergos. Sendo un neno emigrante, o saudoso paradelense comezou a escribir no seu corazón unha historia de amor cara a súa patria. Unha historia que Paradela, as súas xentes, e persoeiros vencellados a Paradel a través de Manolo, seguen a escribir máis de 30 anos despois do seu pasamento. Unha historia viva na que están a xermolar os froitos dese sentimento humano eterno, necesario e sempre escaso que chamamos amor, neste caso, amor de Manolo a Paradela e amor de Paradela a Manolo.



O PRIMEIRO REENCONTRO CON PARADELA

Manolo redescubre Paradela no ano 1950, case dez anos despois de emigrar cos seus pais.

"No verán de 1950, sendo eu un rapagolo de quince anos, pasei unha tempada no meu lugar natal de Randulfe, e descubrín as mías raíces (familiares, costumes, as labouras do agro, as festas, a paisaxe), todo novedoso para mim. Pero axiña me entreguei de cheo a pesar do contraste sorprendente que supuxo o reencontro cos meus".

Manuel Rodríguez López

PARADELA NA SÚA OBRA

O amor de Manuel Rodríguez López por Paradela é notorio na súa poesía e na súa prosa, fundamentalmente en catro libros: "Poemas populares galegos", "Reencontro coa aldea", "Festas da Virxe das Dores de Paradela 1989" e "Historias, xentes e contos de Paradela".

Diversos autores coinciden en destacar a nostalxia como un dos elementos centrais da obra poética de Manuel Rodríguez. Ramón Piñeiro fala de "poesía nostálgico-evocativa da matria da infancia", Méndez Ferrín de "evocación do pasado, da infancia e da aldea", e Darío Xohán Cabana da importancia da "nostalxia campesiña", "da lingua, da historia e das tradicións, e tamén... da paisaxe".

En "Reencontro coa aldea" (Edicións do Castro, 1983), os recordos de Xan, protagonista do libro, teñen un parelismo cuasiperfecto cos do propio autor. Moitos somos os que vemos neste libro claras pinceladas autobiográficas do poeta de Randulfe.



"O celme más enxebre da sensibilidade popular atópase, a pouco que se pescude, a moreas, nas aldeas de Paradela, parolando cos paisanos, depositarios da lingua, sabedores dos costumes ancestrais e mestres á hora de compangar a retranca e o ingenio coa dourada facilidade imaginista e co humorismo que lles vén de vello...".

Manuel Rodríguez López



O MEDIO RURAL, FONTE DE CULTURA

Unha das teimas de Manolo foi reivindicar a cultura popular galega, os costumes e o idioma como elementos imprescindibles do noso patrimonio. Elementos que foron menosprezados durante séculos pero que ainda se poden atopar no medio rural, nos aldeáns, na nosa orixe. Unha orixe rural da que non hai que avergoñarse, senón que hai que dignificar e prestixiar, por ser fonte da nosa cultura.

Sempre en Paradela



A PEGADA DE MANOLO EN PARADELA

Paradela leva toda a vida respondendo con maternal agarimo ó amor que lle demostrou o noso poeta ó longo da súa existencia. Pero é desde o día do seu pasamento cando o agarimo se transforma en devoción, o fillo emigrante en Fillo Predilecto, o nome Manuel Oreste Rodríguez López no nome do centro sociocultural e do certame literario, o Panteón de Paradelenses Ilustres no seu fogar derradeiro, e os libros "Vida e Obra de Manuel Rodríguez López" e a edición da súa "Poesía Completa", xunto co multidimensional Proxecto Manuel Rodriguez López de GaliciaDigital, que tantos e tan bos froitos está a dar, en realidades impulsadas polo Concello de Paradela e pola Xunta de Galicia.



Filio Predilecto de Paradela a título póstumo. O Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato, entrega o título a Irene, viúva de Manolo, nun multitudinario acto celebrado en Paradela en novembro de 1990.



En 1990 inaugurouse a Casa da Cultura Manuel Rodríguez López na capitalidade do Concello que viu nacer o poeta.



O novo Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López foi inaugurado no ano 2001. A vitrina da biblioteca do Centro contén documentos, libros, fotografías e obxectos persoais do poeta.



VÍDEO
Actos en Paradela

O RETORNO DEFINITIVO

O 29 de abril de 1995 foron trasladados os restos mortais de Manolo ó Panteón de Paradelenses Ilustres. As xestións foran iniciadas conjuntamente pola familia e o Concello tras atoparse un testamento hológrafo no que o poeta deixara constancia de que unha das súas últimas vontades era ser soterrado no cemiterio de San Miguel de Paradela "co rostro cara O Páramo, terra de nacemento da miña esposa, e cara Catalunya, lugar onde residín durante longos anos".



VÍDEO
Traslado de
Manuel a Paradela

Manolo descansa no Panteón de Paradelenses Ilustres, en San Miguel de Paradela, moi preto de Randulfe, lugar onde naceu

CERTAME LITERARIO DE PARADELA

Máis de mil traballos en poesía e prosa procedentes do mundo das falas galega e castelá concorren cada ano ao certame que en Paradela lembra a Manuel Oreste Rodríguez López. En 2022 celébrase a edición número XXVII deste Certame Literario plenamente consolidado e de sona internacional.

"A illusión de Manolo de traballar en exclusiva pola cultura galega faise realidade cada ano a través do Certame Literario de Paradela Manuel Oreste Rodríguez López"

Kosé Manuel Mato, Alcalde de Paradela



Certame Literario
de Paradela



Primer diploma concedido no certame de Paradela (apartado de narrativa)



Entrega de premios do Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela

En Internet



11

WEB DO PROXECTO MRL

The website features a header with the project name 'MRL' and a photo of the author. Below the header are several sections: a bio, a photo gallery, and a quote from the author. At the bottom, there's a footer with links and a QR code.

www.manuelrodriguezlopez.org

BIBLIOTECA VIRTUAL DE GALICIADIGITAL

This page displays a detailed profile of the author, including a photo, biography, and a list of his works. The publications are shown with small thumbnail images.

bibliotecavirtual.galiciadigital.com/manuel-rodriguez-lopez

WIKIPEDIA

The Wikipedia page for the author contains a summary, a photo, and a detailed list of his publications and other contributions.

gl.wikipedia.org/wiki/Manuel_Rodríguez_López



GALICIADIGITAL GALEGOS

OPINIÓN

The website has a clean design with a sidebar for navigation and a main content area displaying the author's article.



BIBLIOTECA VIRTUAL GALEGA

This page shows a detailed profile of the author, including a photo and a list of his publications.



YOUTUBE

The channel page displays a grid of video clips, likely interviews or lectures by the author.

Outras
webs

O Proxecto MRL



UNHA CAMPAÑA DE DIFUSIÓN TRANSMEDIA

En 2012 GaliciaDigital, co apoio do Concello de Paradela e outras institucións, entre as que destaca a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, puxo en marcha unha ambiciosa e multifacética campaña de difusión da vida e obra do poeta de Paradela coñecida co nome de "Proxecto Manuel Rodríguez López", campaña que segue en plena actividade. Algunhas das accións levadas a cabo polo Proxecto ó longo destes anos inclúen a creación do portal web www.manuelrodriguezlopez.org, a Exposición Itinerante sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, a solicitude á Real Academia Galega do Día Das Letras Galegas para Manolo, e diversas publicacións.



Destaca de xeito especial o apoio incondicional desde o inicio do Alcalde de Paradela Xosé Manuel Matos e de Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Tamén é salientable o papel fundamental desenvolvido por Xesús Alonso Montero e Xesús Matos, así como por diversas institucións e entidades colaboradoras.

EXPOSICIÓN ITINERANTE MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

A primeira exposición itinerante, con 16 paneis informativos sobre o poeta de Paradela, foi unha eficaz iniciativa do Proxecto para a difusión da vida e obra de Manolo pola xeografía galega e por centros galegos fóra das nosas fronteiras. Entre os anos 2013 e 2021 percorreu máis de 21.000 quilómetros, visitando máis de cincuenta localidades.




PUBLICACIÓNS

Entre as publicacións do proxecto destacamos: folleto informativo da web, publicación da obra completa en Internet, catálogo da Exposición Itinerante (3 edicións), Antoloxía Poética de Manuel Rodríguez López (2 edicións), Manuel Rodríguez López, 25 anos despois e publicacións na Biblioteca Virtual de GaliciaDigital.

- 1 Paradela (Agosto 2013)
- 2 Lugo (Outubro 2013)
- 3 Begonte (Decembro 2013)
- 4 Sarria (Marzo 2014)
- 5 Portomarín (Marzo 2014)
- 6 Santiago (Abril 2014)
- 7 Vilalba (Agosto 2014)
- 8 A Coruña (Setembro 2014)
- 9 Barcelona (Outubro 2014)
- 10 Ourense (Xaneiro 2015)
- 11 Paradela (Febreiro 2015)
- 12 Madrid (Marzo 2015)
- 13 Lugo (Abril 2015)
- 14 Pontevedra (Maio 2015)
- 15 Santiago (Xuño 2015)
- 16 Guitiriz (Xullo 2015)
- 17 Meira (Setembro 2015)
- 18 Ferrol (Outubro 2015)
- 19 Pontevedra (Novembro 2015)
- 20 Celanova (Abril 2016)
- 21 Ribeira (Abril 2016)
- 22 Salamanca (Maio 2016)
- 23 León (Xuño 2016)
- 24 Vitoria (Xuño 2016)
- 25 Viveiro (Agosto 2016)
- 26 Lisboa (Outubro 2016)
- 27 Braga (Novembro 2016)
- 28 Faro (Febreiro 2017)
- 29 Burela (Marzo 2017)
- 30 Mondoñedo (Abril 2017)
- 31 Ribadeo (Abril 2017)
- 32 Cáceres (Maio 2017)
- 33 Vigo (Xullo 2017)
- 34 Granada (Outubro 2017)
- 35 Univ. Deusto (Decembro 2017)
- 36 Palas de Rei (Maio 2018)
- 37 A Fonsagrada (Agosto 2018)
- 38 Gran Canaria (Outubro 2018)
- 39 Valladolid (Decembro 2018)
- 40 Guntín (Febreiro 2019)
- 41 Rábade (Marzo 2019)
- 42 Muírmata (Abril 2019)
- 43 Llodio (Maio 2019)
- 44 Monforte (Xuño 2019)
- 45 Foz (Agosto 2019)
- 46 Sevilla (Setembro 2019)
- 47 Pamplona (Outubro 2019)
- 48 Santander (Outubro 2019)
- 49 Miño (Outubro 2021)
- 50 Monterroso (Outubro 2021)
- 51 Samos (Novembro 2021)
- 52 Abadín (Novembro 2021)
- 53 Lourenzá (Novembro 2021)
- 54 Outeiro de Rei (Decembro 2021)
- 55 Rábade (Decembro 2021)



Debuxo do artista paradelense
Álvaro de la Vega



Esta exposición **MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ 2.0**
é a continuación e complemento da mostra
MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ,
EMIGRANTE GALEGO, POETA OBREIRO,
que entre 2013 e 2021
visitou 55 localizacións dentro do proxecto de difusión
da vida e obra do escritor amigo.

**Responsables das exposicións
e do Proxecto MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ:
SANTIAGO RODRÍGUEZ / ANTONIO GIZ / XULIO XIZ**

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

é Fillo Predilecto do Concello de Paradela,

a Casa da Cultura leva o seu nome,

e o Certame Literario

Manuel Oreste Rodríguez López

deste Concello achega a súa figura ás xentes
de fala galega e castelá de todo o mundo.

O Concello de Paradela no seu bicentenario
hónrarse en difundir a vida e obra
deste paradelense exemplar.



Debuxo de
Alfonso Costa Beiro

PARADELA

Festas de San Miguel e das Delores,
campás da igrexa, ledas ou tristeiras,
camiños dondos, corgas costaneiras,
noites de luar, no vrao, longos solpores.

Namela onde collía brancas frores,
noces, figos, amoras das silveiras,
terra de mozas, ledas, cantareiras,
que tes que mórrome de mal de amores?

Terra que vai dende o Toural ó Loio,
veiga onde nacín, doce, verde cunca,
camiño do romeiro a Compostela.

Polo mundo emigrante, triste, soio,
estarei lonxe, pro... esquecerte NUNCA!
Patria dos meus antergos, PARADELA!

Manuel Rodríguez López

200
ANOS

